

RESOLUCIÓN do 11 de novembro de 2021 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario nos corpos da policía local, categoría de policía, quenda de concurso, convocado pola Orde do 8 de xullo de 2020 (DOG núm. 137, do 10 de xullo) pola que se publican as puntuacións definitivas das persoas presentadas.

O tribunal nomeado pola Orde do nomeado por Orde do 26 de novembro de 2020 (DOG núm. 249 do 11 de decembro), e de acordo co establecido nos artigos 7 e 10 da orde do 8 de xullo de 2020, na sesión que tivo lugar o día 10 de novembro de 2021, **acordou que:**

Primeiro. Vistas e resoltas as alegacións e renuncia presentadas a baremación provisional publicada a través da resolución do 18 de outubro de 2021, sendo notificadas aos interesados individualmente, **publica como anexo** a esta resolución **as puntuacións definitivas** das persoas aspirantes por orde decrecente de puntuación e remite aos efectos oportunos a Dirección Xeral da AGASP esta resolución mais o seu anexo.

Segundo.: Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da dirección xeral da Agasp nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro

A Estrada, 11 de novembro de 2021

A Presidenta do Tribunal

María Rey Rivera

